

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

10744 *Orde ECC/1936/2014, do 16 de outubro, pola que se ditan normas de control e inspección na importación de produtos ecolóxicos procedentes de terceiros países.*

O marco legal dos produtos ecolóxicos na Unión Europea está constituído polo Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos, polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 2092/1991 do Consello, do 24 de xuño de 1991, sobre a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios, así como polo Regulamento (CE) n.º 889/2008 da Comisión, do 5 de setembro de 2008, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos, con respecto á produción ecolóxica, á súa etiquetaxe e ao seu control.

Por outra parte, o Regulamento (CE) n.º 1235/2008 da Comisión, do 8 de decembro de 2008, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, no que se refire ás importacións de produtos ecolóxicos procedentes de terceiros países, establece, no seu artigo 13, o procedemento que hai que seguir para o despacho a libre práctica dos citados produtos na Unión Europea, quedando este supeditado, por un lado, á presentación dun certificado de control orixinal á autoridade competente do Estado membro de que se trate e, por outro, á comprobación da remesa e, simultaneamente, ao visado do certificado de control, por parte da autoridade competente.

No ámbito nacional, o Real decreto 345/2012, do 10 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Economía e Competitividade, establece que a Dirección Xeral de Comercio e Investimentos, baixo a dependencia inmediata do secretario de Estado de Comercio, é o órgano directivo ao cal corresponden, entre outras funcións, a inspección de comercio exterior, incluído o intracomunitario, e o control de conformidade respecto aos requisitos establecidos na regulamentación específica da Unión Europea para determinados produtos obxecto de comercio exterior, así como a autorización dos operadores habilitados para realizar este comercio.

Pola súa parte, o Real decreto 345/2012, do 10 de febreiro, establece no seu artigo 7.8 que as direccións territoriais e provinciais de Comercio dependen organicamente do Ministerio de Economía e Competitividade a través da Secretaría de Estado de Comercio e, funcionalmente, dos órganos superiores ou directivos deste ministerio por razón das materias obxecto da súa actuación.

A norma ten como fin, por un lado, garantir a aplicación correcta e eficaz das referidas disposicións europeas e, por outro, informar os operadores económicos acerca das actuacións que se levan a cabo na importación de produtos ecolóxicos procedentes de terceiros países polo que, sobre a base do principio de coordinación entre os órganos administrativos, procede establecer as correspondentes normas de xestión dos procedementos para garantir o cumprimento da lexislación da Unión Europea na materia.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer os procedementos de xestión, en materia de autorización, control e inspección, dos produtos ecolóxicos procedentes de terceiros países para o despacho a libre práctica na Unión Europea.

2. Esta orde aplicarase aos seguintes produtos que, procedentes da agricultura, incluída a acuicultura, se comercialicen ou se vaian comercializar como ecolóxicos:

- a) Produtos agrarios vivos ou non transformados;
- b) Produtos agrarios transformados destinados a seren utilizados para a alimentación humana;
- c) Pensos;
- d) Material de reprodución vexetativa e sementes para cultivo;
- e) Fermentos destinados ao consumo humano ou animal.

Os produtos da caza e da pesca de animais salvaxes non se considerarán produción ecolóxica.

3. Esta orde será de aplicación para a importación de mercadorías acollidas ao artigo 32 e 33 números 2 e 3 do Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos, polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 2092/1991 do Consello, do 24 de xuño de 1991, sobre a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios, e ao artigo 19 do Regulamento (CE) n.º 1235/2008 da Comisión, do 8 de decembro de 2008, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, no que se refire ás importacións de produtos ecolóxicos procedentes de terceiros países.

Artigo 2. *Obrigacións dos importadores.*

Todo importador dunha mercadoría incluída no ámbito de aplicación desta orde deberá, por si ou por medio dos seus representantes, facilitar os medios técnicos necesarios para acceder ás mercadorías obxecto de control, permitindo o cumprimento das actuacións de control pertinentes, así como achegar os documentos, rexistros e certificados que lle sexan solicitados de acordo cos fins previstos nesta orde.

Artigo 3. *Control previo á importación.*

O servizo de inspección Soivre das direccións territoriais e provinciais de Comercio da Secretaría de Estado de Comercio do Ministerio de Economía e Competitividade (servizo de inspección Soivre) controlará e inspeccionará, con carácter previo ao despacho a libre práctica, ou á autorización polas autoridades alfandegueiras dos procedementos alfandegueiros especiais previstos no artigo 14 do Regulamento (CE) n.º 1235/2008 da Comisión, do 8 de decembro de 2008, o cumprimento dos requisitos establecidos en materia de agricultura ecolóxica e etiquetaxe, dos produtos que se importen mencionados no artigo 1.

Artigo 4. *Notificacións de importación.*

1. Os importadores de mercadorías sometidas ao ámbito de aplicación desta orde, con carácter previo ao despacho a libre práctica das súas mercadorías, ou á autorización polas autoridades alfandegueiras dos procedementos alfandegueiros especiais previstos no artigo 14 do Regulamento (CE) n.º 1235/2008 da Comisión, do 8 de decembro de 2008, deberán presentar unha solicitude de control ante o servizo de inspección Soivre da Dirección Territorial e Provincial de Comercio que corresponda, segundo o modelo que se inclúe no anexo desta orde. A esta solicitude xuntaránselle o orixinal do certificado de control para a importación na Unión Europea de produtos obtidos con métodos de produción ecolóxica ou, cando proceda, os orixinais dos documentos xustificativos, ambos expedidos polas autoridades competentes ou polas autoridades ou organismos de control recoñecidos para o terceiro país. Ademais, as mercadorías que se pretendan importar ao abeiro do artigo 19 do Regulamento (CE) n.º 1235/2008 da Comisión, do 8 de decembro de 2008, deberán incorporar a autorización de importación correspondente ou, na súa falta, unha copia.

2. A solicitude de control presentarase coa suficiente antelación, de forma que se os servizos de inspección Soivre consideran necesario realizar un recoñecemento físico da remesa, este se poida levar a cabo de forma adecuada. En calquera caso, a solicitude efectuarase cunha antelación mínima de vinte e catro horas ao despacho da mercadoría.

3. Poderase presentar solicitude por vía telemática de acordo co establecido na Orde ECC/523/2013, do 26 de marzo, pola que se crea e se regula o Rexistro Electrónico do Ministerio de Economía e Competitividade.

4. No non previsto nesta orde, será de aplicación supletoria o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común».

Artigo 5. *Actuacións de inspección e control.*

1. O servizo de inspección Soivre das direccións territoriais e provinciais de Comercio realizará as funcións de inspección e control sobre as mercadorías incluídas no artigo 1.

2. A inspección e control das mercadorías realizarase de forma regular e proporcional ao obxectivo perseguido, e constarán de unha ou de varias das fases seguintes:

- a) Control documental.
- b) Recoñecemento físico das mercadorías.

3. O control documental consistirá na recepción dos documentos que achegue o importador, para os efectos de comprobar a súa correcta formalización e validez. Para realizar este control tomaranse en consideración os procedementos establecidos na regulamentación comunitaria:

a) No caso do procedemento transitorio establecido no artigo 19 do Regulamento (CE) n.º 1235/2008 da Comisión, do 8 de decembro de 2008, o operador deberá presentar ante o servizo de inspección Soivre a autorización de importación correspondente, así como o orixinal do certificado de control emitido en orixe, cuxo modelo figura no anexo V do Regulamento (CE) n.º 1235/2008 da Comisión, do 8 de decembro de 2008. E no suposto en que se apliquen procedementos alfandegueiros especiais, se for o caso, o extracto do certificado de control, cuxo modelo figura no anexo VI do citado regulamento.

b) No caso do procedemento establecido no artigo 32 do Regulamento (CE) n.º 834/2007, o operador deberá presentar ante o servizo de inspección Soivre os orixinais dos documentos xustificativos emitidos en orixe, cuxo modelo figura no anexo II do Regulamento (CE) n.º 1235/2008 da Comisión, do 8 de decembro de 2008.

c) No caso do procedemento establecido no artigo 33 do Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, o operador deberá presentar ante o servizo de inspección Soivre o orixinal do certificado de control emitido en orixe cuxo modelo figura no anexo V do Regulamento (CE) n.º 1235/2008 da Comisión, do 8 de decembro de 2008. E no caso de que se apliquen procedementos alfandegueiros especiais, se for o caso, o extracto do certificado de control, cuxo modelo figura no anexo VI do referido regulamento.

4. O recoñecemento físico das mercadorías poderase realizar cando as circunstancias así o aconsellen ou cando o exixa a lexislación aplicable, e estenderase ao control da marcación e da etiquetaxe, cando proceda.

O recoñecemento físico implicará o control de identidade das mercadorías co declarado na documentación presentada polo importador e nas marcacións e etiquetaxes das mercadorías.

Cando as circunstancias o aconsellen, poderanse tomar as correspondentes mostras para o seu ensaio en laboratorio.

Artigo 6. *Resultado das actuacións de control.*

1. Unha vez realizada a inspección ou o control, se se comproba a adecuación da remesa aos requisitos que debe cumprir, o servizo de inspección Soivre visará a notificación de importación presentada e o orixinal do certificado de control expedido polas autoridades competentes ou polas autoridades ou organismos de control recoñecidos para o terceiro país.

2. As autoridades alfandegueiras non autorizarán o despacho a consumo ou os procedementos alfandegueiros especiais previstos no artigo 14 do Regulamento (CE) n.º 1235/2008 da Comisión, do 8 de decembro de 2008, dos produtos ecolóxicos enumerados no artigo 1 para os cales se declare a condición de produto ecolóxico, salvo que estes estean amparados pola correspondente notificación de importación visada polo servizo de inspección Soivre. Tampouco se procederá a conceder tales autorizacións cando, non tendo sido declarado, os órganos competentes indicados comprobren que a etiquetaxe ou a documentación comercial conteñen elementos regulados no título IV do Regulamento (CE) 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007.

Para os efectos de despacho alfandegueiro, prevese a emisión do correspondente número de referencia completo (NRC) para validación telemática, ou enviaranse de maneira telemática os datos da notificación da importación desde o servizo de inspección Soivre á Axencia Estatal de Administración Tributaria para a realización das validacións por vía telemática.

3. Sen prexuízo das posibles medidas ou actuacións emprendidas conforme o artigo 30 do Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, do 28 de xuño de 2007, ou o artigo 85 do Regulamento n.º 889/2008 da Comisión, do 5 de setembro de 2008, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos, con respecto á produción ecolóxica, á súa etiquetaxe e ao seu control, o despacho a libre práctica na Unión Europea de produtos que non cumpran o disposto na regulamentación de produción ecolóxica quedará supeditado a que se elimine a referencia ao método de produción ecolóxica da etiquetaxe, da publicidade e de documentos anexos.

4. As remesas obxecto de inspección e control que non cumpran cos requisitos indicados na regulamentación de produción ecolóxica serán declaradas *non conformes*. Neste caso, o servizo de inspección Soivre deberá denegar, de forma motivada, o visado da solicitude presentada polo importador, e do orixinal do certificado de control expedido polas autoridades competentes ou polas autoridades ou organismos de control recoñecidos para o terceiro país, incluíndo nel a lenda «non conforme co disposto no Regulamento (CE) n.º 1235/2008», e non emitirá o número de referencia completo (NRC) para validación telemática.

5. No caso de que as remesas sexan declaradas non conformes, as direccións territoriais e provinciais de Comercio notificarán por escrito, ao operador ou ao seu representante legal, a non conformidade, e indicarán os motivos. Igualmente, notificarán ás autoridades alfandegueiras competentes no lugar en que se encontren as mercadorías a non conformidade para que estas condicionen o despacho alfandegueiro de importación á eliminación da referencia ao método de produción ecolóxica da etiquetaxe, da publicidade e de documentos anexos, o que será comprobado en posterior actuación polo servizo de inspección Soivre.

6. Cando unha mercadoría sexa declarada non conforme, o interesado ou o seu representante legal poderá solicitar por escrito, nun prazo de corenta e oito horas contadas desde a notificación de non conformidade, unha nova inspección, cuxo resultado, que se considerará definitivo, lle será notificado por escrito ao interesado, así como á autoridade alfandegueira competente no lugar en que se encontren as mercadorías.

7. En caso de non conformidade cos requisitos da regulamentación de produción ecolóxica, o operador poderá pór en conformidade a mercadoría para proceder á importación, eliminando a referencia ao método de produción ecolóxica da etiquetaxe, da publicidade e de documentos anexos.

Esta posta en conformidade realizarase baixo o control do servizo de inspección Soivre, nos lugares que este indique coa autorización previa da autoridade alfandegueira competente no lugar en que se encontren as mercadorías, por solicitude do interesado.

Tras esta posta en conformidade, o operador deberá realizar unha nova «Solicitude de verificación da retirada das mencións de produción ecolóxica» ao servizo de inspección Soivre, como requisito previo ao despacho alfandegreiro de importación. Feita a verificación, proporcionaráselle ao operador unha xustificación de que a posta en conformidade se realizou da maneira oportuna, para efectos de despacho alfandegreiro.

8. Para os efectos desta orde, poderá ser declarada tamén non conforme ben aquela mercadoría que non cumpra cos requisitos obrigatorios de etiquetaxe e marcación ou cando estes non se correspondan coa natureza real do produto sometido a control, ben aquela mercadoría que non cumpra cos requisitos mínimos de calidade exixibles pola lexislación da Unión Europea.

9. Toda mercadoría declarada non conforme polo servizo de inspección Soivre no ámbito desta orde non poderá ser presentada a control noutro punto de inspección.

Artigo 7. *Puntos habilitados para a inspección.*

1. O control e inspección a que se refire o artigo 1 realizarase nos puntos de inspección habilitados para o efecto polo Ministerio de Economía e Competitividade, nas instalacións fronteirizas de control de mercadorías (IFCM).

2. O persoal inspector adscrito ás direccións territoriais e provinciais de Comercio, no exercicio das funcións de control previstas nesta orde, deberá gozar da condición de funcionario de carreira, terá o carácter de autoridade e poderá solicitar das autoridades competentes o concurso e a protección que lle sexan precisos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.10.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime alfandegreiro e arancelario e comercio exterior.

Disposición derradeira segunda. *Impacto orzamentario na Administración pública.*

As previsións contidas nesta orde non suporán incremento de gasto público por ningún concepto e levaranse a cabo cos medios persoais e materiais dispoñibles no Ministerio de Economía e Competitividade.


Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor aos quince días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 16 de outubro de 2014.–O ministro de Economía e Competitividade, Luis de Guindos Jurado.

ANEXO

Modelo de solicitude de control de produtos da agricultura ecolóxica importados de terceiros países

	REINO DE ESPAÑA	Solicitud nº
	MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE SECRETARÍA DE ESTADO DE COMERCIO DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO INTERNACIONAL E INVESTIMENTOS	Servizo de inspección Soivre de Punto de inspección
SOLICITUDE DE CONTROL DE PRODUTOS DA AGRICULTURA ECOLÓXICA IMPORTADOS DE TERCEIROS PAÍSES (Regulamento (CE) 834/2007 e Regulamento (CE) 1235/2008).		
1. Nome e enderezo do importador	2. Vía de importación - artigo 32 do R(CE) 834/2007 - artigo 33.2 do R(CE) 834/2007 - artigo 33.3 do R(CE) 834/2007 - artigo 19 do R(CE) 1235/2008	
3. Nome e enderezo do primeiro destinatario	4. Nº do certificado de control	
5. Nome e enderezo do exportador	6. Nº de referencia da autorización ao abeiro do artigo 19	
7. Autoridade ou organismo expedidor do certificado de control		
8. País de orixe	9. País de expedición	10. País de destino
11. Marcas e numeración. Nº do/dos contedor/es. Nº e tipo. Denominación comercial do produto	12. Códigos NC	13. Cantidade declarada
14. Representante alfandegueiro		
Para cubrir pola Administración 15. Declaración do servizo de inspección Soivre sobre o control de produtos da agricultura ecolóxica importados de terceiros países realizado á mercadoría arriba indicada. D. funcionario inspector autorizado Certifica que a mercadoría arriba indicada superou os controis establecidos no artigo 13 do Regulamento (CE) 1235/2008. Certificado expedido en: o Selo do servizo Observacións:		
Sinatura do inspector		
Contra os actos de inspección poderase interpoñer o recurso de alzada previsto no artigo 114 e seguintes da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ante a Secretaría de Estado de Comercio no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación.		